

ORDENANZA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Os servizos sociais municipais teñen como unha das súas funcións e tarefas máis consolidadas a de proporcionar atención e axuda a persoas que atravesan unha situación vital de dificultade, derivada a maior parte das veces pola imposibilidade de facer fronte a determinados gastos que, ou son necesarios para o mantemento dunha forma de vida compatible coa dignidade á que toda persoa ten dereito, ou que incluso son precisos, en determinadas ocasións, para a supervivencia.

A súa competencia vén determinada de conformidade co previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local nos seus artigos 25.1: “O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan á satisfacción da comunidade veciñal”, e no artigo 25.2: “O municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social”.

Tamén a Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia que establece no artigo 11º: “Funcións dos servizos sociais comunitarios: (...) c) A identificación de grupos de poboación vulnerables e detección precoz de situación de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social. (...) e) A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social”.

No Título VII “De atribución de competencias”, no artigo 58º “Criterios Xerais: (...) 1. As competencias en materia de servizos sociais corresponderanlle á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás Corporacións Locais de Galicia, así como, se é o caso, ás demais entidades públicas previstas no Estatuto de Autonomía de Galicia ou establecidas nesta Lei”. E no artigo 60º “Competencias dos Concellos: 8...) a) A creación, a xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos (...)”

As administracións públicas, neste caso o Concello, precisan dispoñer dunha ordenanza áxil e efectiva, de maneira que poida conciliarse a atención ás persoas en situación de emerxencia social coa normativa e os procedementos propios da administración e os que son de aplicación nestes casos. A presente ordenanza trata de reunir ambos os dous requirimentos – atención efectiva ás necesidades sociais e cumprimento normativo – poñendo especial énfase na axilidade do procedemento xa que unha parte importante da eficacia da prestación económica reside en que poida ser cuberta de forma inmediata.

O procedemento a seguir non é o xeral de concorrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais dos beneficiarios as razóns de interese público social, humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública de conformidade co establecido no artigo 22.2 c) da devandita lei.

Artigo 1.- Réxime xurídico

A concesión das prestacións municipais baixo a denominación de Emerxencia Social, rexeranse polo disposto na presente ordenanza e nas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento.

Artigo 2.- Obxecto

1. O obxecto desta ordenanza é o desenvolvemento e establecemento de axudas económicas destinadas a paliaren e previren necesidades extraordinarias e urxentes que afecten ás necesidades básicas dos veciños/as do Concello de Ortigueira.
2. Estas axudas terán carácter finalista e serán incompatibles con calquera outra prestación pública que lle puidese corresponder á persoa beneficiaria para a mesma finalidade.
3. No obstante, poderán ser complementarias, nos casos nos que se considere oportuno, en virtude da gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida nos informes pertinentes.

Artigo 3.- Clasificacións das prestacións

a) Necesidades básicas:

- Cobertura de necesidades básicas con carácter xeral: alimentos, vestiario e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria.
- Gastos medico-farmacéuticos e outros de análoga natureza.
- Gastos derivados da manutención e coidado dos fillos menores dun ano a cargo: cueiros e leite.

b) Axudas de uso e mantemento de vivenda:

- Fianzas para aluguer de vivendas.
- Importe pendente en evitación de desafiuzamento.
- Impago de subministro (luz, auga,.....).

c) Outros gastos non cubertos por outros sistemas de protección social

Terán carácter excepcional e incluirán a cobertura de:

- Lugar alternativo de aloxamento cando é inviable a permanencia da persoa no seu domicilio habitual por situación de catástrofe, violencia de xénero e/ou a situación persoal, familiar, sanitaria e/ou social e cando se poida acreditar a inexistencia ou falta de praza destes centros para cubrir a necesidade de aloxamento.
- Gastos indispensables para previr a marxinación e favorecer a normalización de individuos e familias.
- Outros debidamente xustificadas.

Artigo 4.- Contía da axuda

Establécense diversas contías anuais a percibir en función do concepto da axuda.

a) Necesidades básicas: ata o importe máximo de dúas veces o IPREM mensual que se incrementará nun 10% por cada fillo menor a cargo. O importe concedido poderá repartirse en diferentes pagos ao longo do ano.

b) Axudas de uso e mantemento de vivenda: ata o importe máximo de dúas veces o IPREM mensual. Este importe poderá repartirse en diferentes pagos ao longo do ano.

c) Outros gastos excepcionais:

Outras situacións de necesidade debidamente xustificadas: ata un importe máximo de catro veces o IPREM mensual.

As cantidades fixaranse a proposta do técnico de servizos sociais que valorará as dispoñibilidades orzamentarias e a situación familiar.

Artigo 5.- Incompatibilidade das axudas

Será incompatible a concesión da axuda económica co goce gratuíto de servizos que cubran as mesmas necesidades. Así mesmo, non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que fosen concedidas por outras Administracións ou organismos públicos no mesmo exercicio económico. Exceptuarase este último requirimento se a axuda concedida non cubrise a necesidade, podendo neste caso, complementarse dende esta Administración sen que, en ningún caso, poida superar o custe total do obxecto da axuda ou no caso de necesidades sobrevidas, que requiriran atención urxente e inmediata, e sexa valorado así pola traballadora social.

Artigo 6.- Persoas beneficiarias.

Poderanse beneficiar destas axuda as persoas físicas para si ou para a súa unidade de convivencia que reúnan os requisitos descritos no artigo 7. Enténdese por unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio. Non poderán beneficiarse da mesma prestación dúas persoas da mesma unidade de convivencia.

Serán unidades de convivencia independentes aínda que vivan no mesmo domicilios seguintes casos:

- A constituída por persoas que por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento se vexa obrigada a residir con outra.

- Aqueles outros casos nos que exista un informe do/a traballador/a social para recoñecelas como tales.

Artigo 7.- Requisitos das persoas beneficiarias.

1. Ser maior de idade.

2. Estar empadroado no municipio de Ortigueira de forma ininterrompida ao menos con 6 (seis) meses de antigüidade e con residencia efectiva. Excepcionalmente, poderán ser beneficiarios, previo informe do persoal técnico municipal de Servizos Sociais, aquelas persoas que, non cumprindo este requisito de temporalidade (pero si o de empadroamento), vivan unha situación de urxencia social faga necesaria esta axuda (por exemplo, vítimas de violencia de xénero, emigrantes retornados, ...) .

3. Acreditar a situación de necesidade: Será requisito imprescindible para a obtención da correspondente condición de persoa beneficiaria ter unha renda mensual igual ou inferior ao 75% do IPREM, establecido anualmente (14 pagas), incrementado nun 15% por cada un dos membros da unidade familiar e deducidos os gastos de aluguer ou amortización de vivenda ata un máximo de 200,00 €.

Quedarán excluídos da condición de beneficiarias aquelas persoas ou unidades de convivencia nas que concorran algunhas destas situacións:

- Que as contas bancarias da unidade familiar reflectan un saldo positivo superior a catro veces o IPREM mensual. No caso de vítimas de violencia de xénero, poderá eximirse deste requisito previa xustificación da urxencia do caso.

- Cando a persoa solicitante ou calquera membro da unidade de convivencia sexa propietaria ou usufrutuaria de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera outra forma de explotación indique de xeito notorio a existencia de medios suficientes para atender as necesidades obxecto da solicitude.

4. Ter exercitadas as accións pertinentes para a cobranza de calquera crédito que puidese corresponderlles de acordo coa lexislación vixente (créditos legais, convencionais, pensións compensatorias, etc...)

5. Estar ao corrente das obrigas fiscais e coas administracións públicas, así como declaración xurada na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada ou, no caso de tela recibida, fotocopia compulsada da resolución acreditando o importe da mesma.

6. Aceptación expresa por parte do usuario/a as condicións que figuran no deseño de intervención social no caso de que se lle requiran.

7. Aportar a documentación requirida en cada caso.

8. Presentar a solicitude no modelo normalizado e na forma que se establece na presente ordenanza.

Artigo 8.- Documentación.

A tramitación da prestación iníciase por instancia da persoa interesada mediante a presentación no rexistro do Concello de Ortigueira, no modelo normalizado que exista no departamento de Servizos Sociais xunto coa documentación recollida na presente ordenanza:

1. Fotocopia do documento de identidade, permiso de residencia ou pasaporte (no caso de non ter ningún dos dous primeiros) de todos os membros da unidade de convivencia obrigados a obtelo e, se é o caso, fotocopia do libro de familia.

2. Certificado de empadramento individual da persoa solicitante con indicación da data de alta e certificado de convivencia (aportado polo concello)

3. Declaración responsable da persoa solicitante na que se faga constar:

- A contía dos ingresos obtidos por todos os membros da unidade de convivencia en concepto de rendas, intereses, retribucións, pensións, ou calquera outro título, así como a contía dos seus saldos bancarios no tempo da solicitude.

- Os bens mobles e inmobles e dereitos de todos os membros da unidade de convivencia, aportando a xustificación documental que proceda.

- Que non se están a percibir nin se solicitaron outras axudas para o mesmo fin, no caso de telas concedidas, copia da resolución.

- Declaración do interesado de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social (artigo 24.4 e 24.5 do Real Decreto 887/06 do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións), así como declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se recibiu doutros organismos, e para a mesma finalidade e alcance, a axuda que se solicita (u/ou, no caso de tela recibida, a resolución acreditando o importe da mesma).

4. No caso de solicitar axuda para tratamento farmacolóxico, deberá aportar receita médica e documentación acreditativa da farmacia do custe do produto.

5. Orzamento do gasto para o que se solicita a axuda.

6. Última declaración da renda ou certificación negativa dos membros da unidade de convivencia.

7. Informes bancarios dos movementos de conta dos seis últimos meses referido os maiores de 16 anos que compoñan a unidade de convivencia

8. Tarxeta do Servizo Público de Emprego que acredite a situación de demanda ou de mellora de emprego das persoas maiores de 16 anos.

Artigo 9.- Procedemento para a concesión das axudas

A tramitación das axudas de emerxencia social axustarase ao seguinte procedemento:

a) Solicitude en modelo oficial segundo Anexo I, presentada polo interesado en obter a axuda de emerxencia social. Así mesmo, poderase tamén iniciar de oficio, mediante informe emitido polo persoal técnico de Servizos Sociais que iniciará o expediente a todos os efectos. A solicitude dirixirase ao alcalde e será obxecto de rexistro. Coa solicitude achegarase a documentación que acredite a situación carencial que se esixe neste regulamento. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.

b) O persoal técnico de Servizos Sociais fará un estudo da solicitude e emitirá o correspondente informe-proposta no que valorará debidamente a situación que o interesado acreditou documentalmente e cuantificará o importe da axuda. Unha vez completo o expediente, o departamento de Servizos Sociais remitirao á Intervención Municipal para a súa fiscalización previa.

c) Logo de que a Intervención Municipal realice a fiscalización previa, remitiralle o expediente ao alcalde para que dite a correspondente resolución administrativa.

Ante unha situación de extrema urxencia que requira dunha intervención inmediata e, previo informe da traballadora social, poderá eximirse da presentación dun ou máis documentos dos que deben achegarse coa solicitude agás esta última.

Artigo 10.- Abono das axudas

O abono das axudas realizarase mediante ingreso na conta corrente sinalada para tal fin ou en calquera outra forma que se estableza na correspondente resolución, atendendo ás peculiares circunstancias de cada caso.

Non obstante, o Concello de Ortigueira resérvase a facultade de efectuar o pagamento da axuda directamente e, no nome do beneficiario, á persoa que realice a prestación ou o servizo en favor deste, co fin de garantir a súa aplicación finalista.

Artigo 11.- Xustificación das axudas

Unha vez aboada a axuda, xustificarse o gasto no prazo de 15 días naturais mediante as facturas dos pagos e gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos, ou mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil.

Artigo 12.- Inspección e Control

O concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto dos conceptos subvencionados e terá acceso a toda a documentación xustificativa dos mesmos, así como requirir aos beneficiarios, nos termos que precise, todo aquilo de acordo co na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o regulamento a que desenvolve.

Artigo 13.- Extinción

Serán causas de extinción, e do posible reintegro das axudas concedidas:

1. Falseamento ou ocultación de datos para obter ou conservar o dereito á axuda.
2. Desaparición das circunstancias que deron lugar a súa concesión.
3. Baixa no padrón municipal.
4. Non presentación das facturas que deron lugar á axuda concedida.

5. Cumprimento do prazo de duración da prestación económica.

6. Incumprimento reiterado dos obxectivos que, de ser o caso, se marcasen no proxecto de intervención.

7. Falecemento do beneficiario.

Artigo 14.- Partida orzamentaria

A presente ordenanza aplicarase en función do orzamento anual do Concello de Ortigueira, aplicándose a partida anual correspondente.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor, ao día seguinte da súa publicación no BOP da Coruña.

ANEXOS

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME

APELIDOS

DNI

DATA NACEMENTO

ESTADO CIVIL

ENDEREZO

TELÉFONO

CONCELLO

CÓDIGO POSTAL

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA PERSOA INTERESADA

· Fotocopia do documento nacional de identidade, permiso de residencia ou pasaporte (no caso de non ter ningún dos dous primeiros) de todos os membros da unidade de convivencia obrigados a obtelo, e fotocopia do libro de familia.

- Certificado de empadramento individual da persoa solicitante, con indicación da data de alta e certificado de convivencia.
- Declaración responsable da persoa solicitante (Anexo II)
- Receita médica e documentación acreditativa da farmacia do custe do produto, de ser o caso.
- Orzamento do gasto para o que se solicita a axuda.
- Última declaración da renda ou certificación negativa dos membros da unidade de convivencia.
- Informe bancario dos movementos de conta dos seis últimos meses referido os maiores de 16 anos que compoñan a unidade de convivencia
- Tarxeta do Servizo Público de Emprego que acredite a situación de demanda ou mellora de emprego das persoas maiores de 16 anos.

Ortigueira, a _____ de _____ 201

ILMO. ALCALDE DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

ANEXO II

D. _____ DNI

CON DNI AOS EFECTOS DA SOLICITUDE DE AXUDA POR EMERXENCIA SOCIAL, DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Que a contía dos ingresos obtidos por todos os membros da unidade de convivencia e concepto de rendas, intereses, retribucións, pensións, ou calquera outro título e dos saldos bancarios existentes no tempo da solicitude é de.....euros
- Que os bens mobles e inmobles e dereitos de todos os membros da unidade de convivencia son.....
- Se aporta documentación acreditativa
- Que non se están a percibir nin se solicitaron outras axudas para o mesmo fin
- Estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social
- Acepto as condicións que figuran no deseño de Intervención Social

En Ortigueira, de de 201..